

COMUNICADO DE PRENSA

O CARBALLIÑO 11/01/17

O Concelleiro de Seguridade e persoal do Carballiño, pretende tapar a súa incompetencia en materia de persoal, utilizando indebidamente ao Grupo de Emerxencias Municipal.

Ao Concelleiro Adolfo Nogueira, non lle basta con levar dende o inicios de 2016 sen persoal cualificado na Biblioteca, nin lle é suficiente con ter sentencias que falan, incluso, de persoal procedente de empresas privadas que por mala xestión se lles debe de considerar traballadores do Concello, incluso non lle chega con situar a 2 traballadores por convenio social co INEM no servizo de Bo Día Familia, cando o servizo está externalizado a unha empresa, ou chamar a traballar a persoal que está de vacacións para suplir carencias en diversos servizos por falta de organización previa e poderíamos citar máis casos nesta materia, incluso sen entrar na casuística propia da policía local, da que tamén é responsable e da que temos xa denunciado infinidade de veces.

Ontes martes, puidemos comprobar as 19,00 h. a presenza de operarios do Grupo de emerxencias municipal en labores de persoal de limpeza nas instalacións do colexio da uceira, deixando pechado o servizo propio de emerxencias para o cal estes traballadores/as foron pasados a indefinidos recentemente no Concello do Carballiño para estar a disposición de calquera incidencia que se puidese producir na veciñanza do Carballiño.

Cabe recordar cronoloxicamente, que o Concello rematou a inicios de setembro a relación contractual cunha empresa que xestionaba a limpeza dos edificios educativos públicos do Carballiño, e dende esa data, demostrando xa naquel intre, falta de planificación e ata o 22 de Decembro, o Concello tiña atendido o servizo de limpeza dos colexios públicos de forma anómala por medio de convenio social co INEM, e decimos anómala, pois a limpeza dos colexios para o Concello é un traballo obrigatorio e permanente no tempo, nunca un traballo esporádico e urxente que é o que acredita estes convenios.

Polo camiño, recordemos que de 5 traballadoras que denuncian ao Concello procedentes da empresa privada, 4 conseguen sentenza condenatoria para o

Concello por unha mala práctica por parte do Concello á hora de pechar a relación coa empresa para a que traballaban, e que como resultado do xuízo, estas traballadoras conseguen que sexan ou pasadas ao Concello ou se lles indemnice.

O propio concelleiro, en xunta de portavoces e ante representantes sindicais e do asesor actual do Concelleiro en materia de persoal, comprometeuse en sacar listas de contratación para que dende a incorporación dos rapaces nas escolas públicas do pobo o mes de xaneiro, se puidese contar persoal necesario, toda vez que o persoal do Concello é insuficiente para facer estas labores.

O caso é que, ou ben polo turrón ou polas uvas, o tempo pasou e por parte do concelleiro non se fixo nada ao respecto, e iso levounos a situación actual.

Unha situación que se pode denominar como **chapuza persoal do concelleiro de persoal**, ou ben unha **utilización da seguridade dos veciños en beneficio da inseguridade que nos da a todos, este Concelleiro**.

Unha vez máis este concelleiro non deixa de sorprenden a propios e estraños, e consegue, á par, non ter arranxado correctamente a limpeza dos colexios públicos do pobo, e consegue, tamén, que a seguridade dos veciños estee, canto menos en entre dito, agora xa non pola mala xestión, xa sabida por todos, da policía local, senón que tamén pola mala utilización da tranquilidade que nos da a todos/as o Grupo de emerxencias municipal, xa que podemos ver, como vimos onte, que este grupo de traballadores está para todo e cada vez menos para o que ten que estar e para o que tamén conseguiron un posto indefinido no Concello, para velar por calquera incidente que requira a súa presenza e non para barrer e fregar nos colexios.

Requirimos unha vez máis ao señor Alcalde, para mire ao seu lado, e que el mesmo valore a situación de todo o que toca este Concelleiro en materia de seguridade e persoal, xa por non falar da súa tamén atribución no goberno en materia de comunicación é de portavoz.



VEHÍCULO DE PROTECCIÓN CIVIL NAS DEPENDENCIAS DO COLXIO DA UCEIRA MARTES 10 DE XANEIRO AS 19 H.



DEPENENCIAS DE PROTECCIÓN CIVIL PECHADAS MARTES 10 DE XANERIO AS 19 HORAS.